

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 24 de setembro de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. José Manuel Mariño Mendoza  
D. Eudosio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e catro de setembro de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a todos os membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1.531).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS. EXPTE. 275/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 13.09.2010, co fiscalizado e conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente á Unión Temporal de Empresas formada por Movexvial, S.L. (60% de participación) e Construcións Crespo, S.A. (40% de participación) o procedemento aberto para a contratación do acondicionamento, mantemento e conservación de infraestruturas viarias do concello de Vigo (expediente 275-440) por un prezo total de 4.800.240 euros (IVE incluído) e unha baixa única do 20% sobre tódolos prezos unitarios indicados no anexo I do prego de prescricións técnicas particulares e ofertando a seguinte relación de prestación a maiores:

- Incrementan o número de brigadas propostas en seis respecto o número mínimo establecido no prego de prescricións técnicas particulares .
- Establece un prazo de garantía de 60 mes
- A aportación ó control de calidade establececese no 3%.
- Comprométese a execución das seguintes melloras aceptadas pola administración e valoradas por esta en 155.368,24 euros.:

<b>CONCEPTO</b>	<b>VALOR VALORADO POR EL CONCELLO</b>
Actualización inventario sobre el que traballar con la aplicación informática	35.400,00
Dotación de equipos de inventario con cámaras con sistema GPS incorporado	1.652,00
Vehículo a disposición de los servicios de inspección de obra	5.097,60
Página web para reclamacións e información cidadá	2.950,00
Persoal oficina para mantemento páxina web	6.372,00
Diseño del proceso de trabajo, tipo diagrama de fluxo para xestión reclamacións	1.180,00
Diseño y creación bases de datos	2.714,00
Paneis mensaxe variable a base de leds	7.227,50

Sinalización previa virtual	4.838,00
Sinalización parte posterior furgoneta	11.894,40
Sinalización abatible coches	11.080,20
Frecha luminosa bidireccional	2.463,84
Conxunto focos secuencia programable	1.590,64
Sinalización sobre remolque	8.448,80
Frechas sinalización variable, multiled	3.728,80
Pasarelas metálicas antideslizantes	2.301,00
Balizas luminosas con sistema de enerxía solar	2.212,50
Balizas de intervención rápida	1.982,40
Cabaletes y paneis de sinalización	1.132,80
Semáforos móbiles	14.287,44
Chapas zonas paso vehículos sinalizados con pintura antideslizante	3.304,00
Chapas zona paso peóns sinalizados con pintura antideslizante	1.014,80
Equipamento vehículos mantemento con pintura antideslizante	2.140,52
Conos balizamiento con dobre banda reflíctante	1.239,00
Redacción memorias mensuais con principais actuacións realizadas	6.372,00
Redacción memorias semanais con principais actuacións realizadas	12.744,00

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 28 de maio de 2010 e 21 de xuño de 2010 e a oferta presentada.

**2(1.532).- CONVALIDACIÓN DE GASTO A LINORSA POLO SERVIZO DE LIMPEZA DE DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 18995/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 23.08.2010, co conforme do concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, e co informe do interventor xeral do 15.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 311.078,48 euros, IVE engadido, polo servizo de limpeza en centros

municipais perante os meses de xuño e xullo de 2010, que se imputarán a partida presupostarias 92202270000 do vixente exercicio.

**3(1.533).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

a) Calfensa. Expte. 3286/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a CALFENSA PROYECTOS, S.A., a fianza de 1.593,96 € constituída para responder da subministración de xardineiras e materiais por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

b) Contenur, S.L. Expte. 3326/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a CONTENUR ESPAÑA, S.L., a fianza de 3.000 € constituída para responder da subministración de contedores xa que foron recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

c) Contenur, S.L. Expte. 3320/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a CONTENUR ESPAÑA, S.L., a fianza de 317,99 e 318 € constituída para responder da subministración de xogos infantís xa que foron recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

d) Contenur, S.L. Expte. 3325/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a CONTENUR ESPAÑA, S.L., a fianza de 1.379,31 € constituída para responder da subministración de balastrada e carteleira xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

e) UTE C. Bouzas. Expte. 3329/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a UTE INDEPO, S.L.- HIDROESTRUCTURAS, S.L., a fianza de 132.277,47 € constituída para responder da renovación do campo de fútbol de Bouzas por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

f) Contenur S.L. Expte. 3196/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a CONTENUR ESPAÑA, S.L., a fianza de 240,30 E 598 € constituída para responder da subministración de xogos e materiais para parques infantís xa que foron recibidos conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

g) Movexvial, S.L. Expte. 1645/443

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MOVEXVIAL, S.L., a fianza de 11.452,34 € constituída para responder das obras de humanización na rúa Alfonso X El Sabio xa que foron executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

h) Movexvial, S.L. Expte. 1639/443

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MOVEXVIAL, S.L., a fianza de 3.474 € constituída para responder das obras de humanización na rúa Alfonso X El Sabio xa que foron executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

i) Euxa. Expte. 3324/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a EUXA SERVICIOS SANITARIOS, a fianza de 16.400 € constituída para responder da prestación de asistencia en CEDRO xa que foi executada conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

l) Ediserpo, S.L. Expte. 3322/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a CONSTRUCTORA EDISERPO, S.L., a fianza de 4.413,47 € constituída para responder da instalación de valados en Samil e praia da Fonte xa que foron executadas

conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

m) Movexvial, S.L. Expte. 3341/241

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta da oficina administrativa de Contratación de data 17.09.2010, a Xunta de Goberno Local acorda:

Devolver a MOVEXVIAL, S.L., as fianzas de 19.243,31 e 35.743,92 € constituídas para responder das obras de remodelación de beirarrúas na Travesía de Vigo-2ª fase xa que foron executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**4(1.534).- ANULACIÓN DO ACORDO DA XGL DO 7.06.2010, POLO QUE SE APROBABA O PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DA XUNTA DE GALICIA (ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE VIGO) E O CONCELLO PARA O FINANCIAMENTO DAS BOLSAS DE ESTUDO “ALCALDÍA DE VIGO”. EXPTE. 11689/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do servizo de Educación, do 10.09.2010, co conforme da concelleira delegada da área de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

Anular o acordo de 07/06/2010 da Xunta de Goberno Local (expte. 11689/332) polo que se aprobaba o Proxecto de Convenio entre a Concellería de Educación da Xunta de Galicia (Escola Oficial de Idiomas de Vigo) e o Concello de Vigo para o financiamento das bolsas de estudo “Alcaldía de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro”

En consecuencia, anular a Retención de crédito realizada por valor de 100.000 euros e incorporar esta cantidade novamente á partida de orixe 3210.4890010.

**5(1.535).- APROBACIÓN DO GASTO POR DIETAS EN CONCEPTO DE ASISTENCIAS ÁS SESIÓNS DOS CONSELLOS ESCOLARES. EXPTE. 11962/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do servizo de Educación, do 10.09.2010, co conforme da concelleira delegada da área de Educación, e cos Rcs de Intervención, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a cantidade de 5.407,02.-€ (cinco mil catrocentos sete con dous euros) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 3210.233.00.00 dietas representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 2.- PEDRO Mª VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M, GRUPO B

(26/01/2010 – 30/06/2010) .....	48 X 39,78.-€ .....	1.909,44.-€
Zona 3.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X, GRUPO C (14/01/2010 – 30/06/2010) .....	35 X 36,72.-€ .....	1.285,20.-€
Zona 4.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N, GRUPO C (14/01/2010 – 06/07/2010) .....	31 X 36,72.-€ .....	1.138,32.-€
Zona 5.- IGNACIO OJEA PÉREZ, NIF: 36.046.809-J, GRUPO A (19/01/2010 – 30/06/2010) .....	27 X 39,78.-€ .....	1.074,06.-€

**6(1.536).- PRÓRROGA DA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO Nº F-00473-C-006. EXPTE. 4572/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 16.09.2010, co conforme da concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar unha prórroga da cesión temporal da vivenda municipal, identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-006 e integrada na rede municipal de vivendas de protección para mulleres en situación de violencia de xénero, por un período máximo de 6 meses de duración, con efectos desde o día 1 de outubro de 2010, atendendo ás circunstancias que obran no expediente 4572/224.

**7(1.537).- CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO F-00473-C-007. EXPTE. 4573/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 16.09.2010, co conforme da concelleira delegada de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número F-00473-C-007, e integrada na rede municipal de vivendas de protección para mulleres en situación de violencia de xénero, atendendo ás circunstancias que obran no expediente 4573/224, por un período máximo de 6 meses, a contar desde o día 27 de setembro de 2010, transcorridos os cales a unidade familiar deberá abandonar a vivenda, agás se xustifique a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller.

**8(1.538).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á SOCIEDADE CULTURAL DA COMISIÓN DE FESTAS DA CONSOLIDACIÓN DE COIA. EXPTE. 78863/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Seguridade e Transportes, do 15.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 22/06/2010, pola Sociedade cultural Comisión de Festas da Consolación de Coia, co CIF G: 36633030, por un importe de 8000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración das Festas da Consolación de Coia os días 2,3,4,5 e 6 de xullo de 2010 , por non se producir danos na vía pública.

**9(1.539).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL DA COMISIÓN DE FESTAS DA SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 78459/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Seguridade e Transportes, do 15.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

**Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 21/06/2010, pola Asociación Cultural Comisión de Festas de San Paio de Navia, co CIF G: 36881530, por un importe de 2000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración San Paio de Navia das Festas de San Paio os días 25,26,27 e 28 de xuño de 2010 , por non producirse danos na vía pública.**

**10(1.540).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN CULTURAL DO SALVADOR DE TEIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS. EXPTE. 78862/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Mobilidade, Seguridade e Transportes, do 15.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos de Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval achegado en data 22/07/2010, pola Asociación Cultural do Salvador de Teis, co CIF G: 36769214, por un importe de 4000 € para responder dos posíbeis danos con motivo da celebración da festa do Salvador de Teis os días 05,06,07,08 e 09 de agosto de 2010, por non producirse danos na vía pública.

**11(1.541).- CONCESIÓN DO I PREMIO J. PACHECO DE ENSAIO FOTOGRÁFICO. EXPTE. 208/338.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de xestión de Patrimonio Histórico, do 15.09.2010, co conforme do concelleiro delegado de Cultura, e co Rc de Intervención, a Xunta de Goberno local acorda:



1º.- Aprobar a acta da xuntanza do xurado do I PREMIO J. PACHECO DE ENSAIO FOTOGRÁFICO, de data 24.06.2010.

2º.- Conceder o I PREMIO J. PACHECO DE ENSAIO FOTOGRÁFICO, dotado con 11.000 euros, ao gañador escollido polo xurado cualificador ROBERTO RIBAO FERNÁNDEZ, co NIF 34944097J, polo seu traballo titulado “A revista Vida Galega (Vigo, 1909-1938). O silandeiro poder da fotografía na prensa”.

3º.- Comunicar este acordo aos interesados e ao servizo de Intervención Municipal.

**12(1.542).- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ENTIDADES PARA OS PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN E FOMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA, DESENVOLVIDAS NO ANO 2010. EXPTE. 1138/334.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística, do 15.09.2010, co conforme da concelleira delegado da área, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 20.09.2010 co conforme do Interventor Xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, con cargo á partida 1692.489.00.00 do vixente orzamento, as subvencións ás entidades para os programas, proxectos e actividades desenvolvidas no ano 2010 por un importe total de cinco mil setecentos trinta e tres (5.733,33 €); constando no anexo I, que se achega, a relación de entidades, proxectos e subvencións concedidas.

2º.- Denegar a concesión das solicitudes de subvención que, de seguido, se relacionan, por non ser conformes coas bases da convocatoria:

a) Base quinta. 1 (non estar inscritas, baixo o epígrafe 10, no Rexistro Municipal de Asociación do Concello de Vigo):

- Centro Cultural Cubano en Galicia
- EMAUS Fundación Social
- AZO, asociación galega de apoio ao inmigrante e emigrante retornado
- Asociación de persoas con trastorno bipolar de Galicia (ASBIGA)
- Aulas terceira idade Vigo
- CCANVIHAR. Asociación cidadá de loita contra VIH/SIDA
- Asociación Hoy por mañana
- Escola de tempo libre Xaruma
- Asociación Aspanaex
- Club Gamboa
- ADAFYC-Club Doira

- Club balonmán Seis do Nadal-Coia
- Asociación cultural e musical "Os trasnos da gaita"
- Asociación xuvenil Xentenova
- Asociación benéfica Beiramar de Vigo
- Fundación Igual Arte
- Asociación Xogais
- Asociación de mulleres Pedra Vella
- Asociación de axuda ao toxicómano Érguete
- Implicadas no desenvolvemento

b) Base segunda punto 3 (non serán proxectos subvencionables os que inclúan no seu orzamento de gastos o mantemento ordinario da entidade solicitante):

- AVV de San Roque (proxecto: mantemento páxina web)

c) Base décimo primeira (fóra de prazo):

- Federación veciñal de Vigo Eduardo Chao

**13(1.543).- CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN PEPRI BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS. EXPTE. 5436/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 13.08.2010, co conforme do concelleiro delegado da área de Patrimonio Histórico, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 14.09.2010 co conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 10/05/2010, as seguintes axudas aos solicitantes da da convocatoria:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo actuación subvencionada	Importe axuda (euros)
5726-307	Sotelo 92, S.L. B-36182335	Eduardo Cabello, 35	13.848,41 €
5724-307	D. Urbano Gestoso Correa 35820863-L	Eduardo Cabello, 31	30.000,00 €
5723-307	Dna. María Mercedes Monroy Álvarez 35817139-K	Alfolíes, 19	28.045,26 €

5725-307	Comunidade propietarios H-27730373	Sebastián Elcano, 12	30.000,00 €
5727-307	Comunidade propietarios H-36904720	Poeta Añón, 2	30.000,00 €
<b>TOTAL</b>			<b>131.893,67 €</b>

2º.- A proposta motivada da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, denegar a concesión das axudas seguintes, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na área de rehabilitación PEPRI Barrio Histórico de Bouzas, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 10/05/2010:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo para o que se solicitou a axuda
5722-307	Dna. M. Peregrina Correa Carrera 35947712-T	Suárez Llanos 18

3º.- Notificar en tempo e forma este acordo aos interesados e dar conta do mesmo ao servizo municipal de Intervención e á Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo.

4º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e nos taboleiros de anuncios da Oficina de rehabilitación e da Concellería de Patrimonio Histórico a concesión das subvencións, con indicación da súa convocatoria, o programa de subvencións ao que se acollen, a resolución á que corresponden, o crédito orzamentario, o/a beneficiario/a e a cantidade subvencionada, consonte ao recollido no apartado na Base 5 das da convocatoria.

**14(1.544).- CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE FACHADAS E CUBERTAS DE EDIFICIOS E LOCAIS COMERCIAIS NA FACHADA DA RIBEIRA DO BERBÉS. EXPTE. 5531/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 13.08.2010, co conforme do concelleiro delegado da área de Patrimonio Histórico, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 14.09.2010 co conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na fachada da Ribeira do Berbés, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 10/05/2010, as seguintes axudas aos solicitantes da convocatoria:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo actuación subvencionada	Importe axuda (euros)
5720-307	D. Domingo Paz Blanco 34870352-Y	Real, 53	30.000,00 €
5719-307	Comunidade Propietarios H-27745108	Ribeira do Berbés, 33	25.014,04 €
5715-307	D. José Manuel Ruibal Solla 35226759-M	Ribeira do Berbés, 3	14.455,33 €
5710-307	D. Alberto Iglesias Vázquez 35975637-A	Ribeira do Berbés, 33 baixo	1.479,62 €
<b>TOTAL</b>			<b>70.948,99 €</b>

2º.- A proposta motivada da Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo, denegar a concesión das axudas seguintes, conforme á convocatoria específica para o desenvolvemento das axudas á rehabilitación de fachadas e cubertas de edificios e locais comerciais na fachada da Ribeira do Berbés, aprobada pola Xunta de Goberno Local na sesión do 10/05/2010:

Nº expediente	Solicitante NIF	Enderezo para o que se solicitou a axuda
5712-307	D. José Luis Silva Novoa 36026083-X	Real, 52
5718-307	D. Francisco Javier Rodríguez (Representante Comunidade Propietarios) H-36887446	San Francisco, 53 – Santa Marta, 50

3º.- Notificar en tempo e forma este acordo aos interesados e dar conta do mesmo ao servizo municipal de Intervención e á Oficina de rehabilitación do Concello de Vigo.

4º.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e nos taboleiros de anuncios da Oficina de rehabilitación e da Concellería de Patrimonio Histórico a concesión das subvencións, con indicación da súa convocatoria, o programa de subvencións ao que se acollen, a resolución á que corresponden, o crédito orzamentario, o/a beneficiario/a e a cantidade subvencionada, consonte ao recollido no apartado na Base 5 das da convocatoria.

**15(1.545).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDE AO MES DE AGOSTO 2010. EXPTE. 10082/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 7.09.2010, co conforme da xefa de Réxime Interior, e co informe do técnico de Intervención do 13.09.2010 co conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Abonar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios en domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	TOTAL NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL	NOME
Alcaldía	Agosto	675,36	209,44	3.284,62	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo
Alcaldía	Agosto	64,50	5,50	274,25	Abalde Comesaña, Raquel
Cemiterios	Agosto	2.127,64	0,00	8.553,11	De Alfonso Paz Jesus a Vilanova Acuña Delmiro
Limpeza	Agosto	0,00	1.368,16	3.721,40	De Alonso Garrido, Eva Mª a Vázquez Varela, Severino
Montes, Parques e Xardíns	Agosto	401,00	279,00	2.370,90	De Casas Iglesias Alfonso a Vidal Alvarez Jose Luis
Policía Local	Agosto	8.183,50	8.068,83	54.844,89	De Abalde Casanova, Jesus Ivan a Vivero Mijares, Guillermo
Vías e Obras	Agosto	197,00	33,04	881,81	De Calles Santos, Primitivo a Martinez Gonzalez, Jose Manuel
Proteccion Civil	Xullo	42,00	0,00	168,84	Sande Vazquez, Raquel
1ª Tenencia Alcaldía	Agosto	27,00	18,00	157,50	De Pérez Costas, José Luis a Vázquez Martínez, Manuel A.
Parque Mobil	Agosto	1.295,45	1.507,56	9.308,27	De Alonso Gonzalez Angel a Vulcano Ferreira J Genaro
Museo de Quiñones de Leon	Agosto	50,00	0,00	201,00	De Ogando Lopez, Jose Manuel a Gonzalez Bello Andres
Dsinfeccion	Agosto	48,00	64,00	367,04	de Pardellas Avion, A Avelino a Seijas Fernandez, Alberto
	TOTAL ES	13.111,45	11.553,53	84.133,63	

Os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 84.133,63€, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

**16(1.546).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIONS A Dª MARÍA JOSÉ QUINTELA RODRÍGUEZ, Dª Mª JOSE MARTÍNEZ AREA E Dª ANA Mª FERNÁNDEZ ARIAS. EXPTE. 20046/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de RR.HH., do 17.08.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, e co informe do técnico de Intervención do 13.09.2010 co conforme do interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar á funcionaria municipal Dª María Josefa Quintela Rodríguez, nº de persoal 9320, técnico de servizos económicos adscrita ao Servizo de Benestar Social, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolucións de data 26 de abril de 2010, no período comprendido dende o 1 de maio ao 31 de xullo de 2010; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 1869,27€. conforme as vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal do Concello de Vigo.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1869,27 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 51415), a favor da funcionaria municipal María Josefa Quintela Rodríguez, nº de persoal 9320

2º.- Outorgar á funcionaria municipal Dª Ana María Fernández Arias, nº de persoal 79391, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolucións de data 8 de febreiro de 2010, no período comprendido dende o 1 de maio ao 30 de xuño de 2010; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 1583,18 €, conforme as vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal do Concello de Vigo.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 1583,18 €, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 51415), a favor da funcionaria municipal Dª Ana María Fernández Arias, nº de persoal 79391

3º.- Outorgar á funcionaria municipal Dª M José Martínez Area , nº de persoal 21953, un complemento de produtividade pola realización das funcións encomendadas segundo resolucións de data 8 de febreiro de 2010, no período comprendido dende o 1 de maio ao 30 de xuño de 2010; complemento retributivo que se fixa na cantidade de 983,90 €, conforme as vixentes Instrucións sobre Cadro de Persoal do Concello de Vigo.

Aprobar e comprometer o gasto por importe de 983,90€, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Produtividade (RC 51415), a favor da funcionaria municipal Dª M José Martínez Area , nº de persoal 21953

**17(1.547).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS Á FUNCIONARIA Dª BELÉN ALVAREZ SOAJE. EXPTE. 20105/220.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro da área de Xestión Municipal, do 1.07.2010, que di o seguinte:

“Dende o 8 de xuño de 2010 atopase de baixa por I.T. o Xefe do Servizo de Museos, D Lois Cea Nogueira, a dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento do Servizo, xa que non conta con mais persoal asignado e co fin de garantir a adecuada

prestación do servizo público, considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

## R E S O L V O

“**Primeiro.-** Encomendar provisionalmente a funcionaria municipal D<sup>a</sup> Belén Álvarez Soaje, Técnica de Xestión adscrito ao Servizo de Patrimonio Histórico, con nº de persoal 76506, os cometidos da Xefatura de Servizo de Museos, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, con carácter estritamente provisional.

**Segundo.-** A dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto ata a incorporación do funcionario titular do posto de Xefe do Servizo de Museos da súa situación de baixa por I.T., e en todo caso ata o 31 de outubro do presente ano 2010.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado a interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Area de Réxime Interior, Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

**Cuarto.-** Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**18(1.548).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE CONCESIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO AO FUNCIONARIO D. DANIEL IGLESIAS GONZÁLEZ. EXPTE. 20107/220.**

Dáse conta da Resolución do concelleiro da área de Xestión Municipal, do 16.09.2010, que di o seguinte:

“Con data 13 de setembro do 2010, (doc. 100117766), D. Daniel Iglesias González, con DNI 36.059.979-G e núm. persoal 16490, oficial de servizos internos adscrito ao servizo de Seguimento, Control e Arquivo da Xerencia Municipal de Urbanismo, solicita se lle conceda un permiso retribuído para atender o coidado do seu fillo, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, de 30 días naturais.

O art. 76.1.k) , do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave da ou do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, persoas acollidas ou familiares que convivan na mesma casa, e para atender ao seu coidado, o persoal ao servizo das administracións públicas terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, poderase utilizar de maneira separada ou acumulada.

O interesado aporta informe médico do estado de saúde do seu fillo, no que se indica o tratamento que se segue.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, propón o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D. Daniel Iglesias González, con DNI 36.059.979-G e núm. persoal 16490, oficial de servizos internos adscrito ao servizo de Seguimento, Control e Arquivo da Xerencia Municipal de Urbanismo, un permiso retribuído de trinta días naturais, con efectos a partir do día 20 de setembro actual, podendo acollerse a este permiso de maneira separada, é dicir, cando o tratamento do seu fillo así o requira, debendo presentar no Servizo de Recursos Humanos xustificante dos días aos que se acolla, de conformidade co previsto no art. 76.1.k, do decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia.”

**DECRETO:**



**RESOLVO** de conformidade co informe-proposta que antecede.

A presente resolución comuníquese ao interesado, xerente municipal de Urbanismo, Servizo de Recursos Humanos, debendo darse conta a Xunta de Goberno Local para coñecemento”.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**19(1.549).- PERMISO NON RETRIBUÍDO AO FUNCIONARIO D. PEDRO MICAEL DÍAZ JUSTO. EXPTE. 20101/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión, do 16.09.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D. Pedro Micael Díaz Justo (núm. persoal 78750 e NIF 53174618-K), policía local, un permiso non retribuído de quince días de duración que comezará o día 2 de outubro ao 16 de outubro de 2010, debendo incorporarse o seu posto de traballo o día seguinte (17 de outubro de 2010), de conformidade co previsto no art. 17 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

**20(1.550).- DAR CONTA DO DECRETO DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL, DO 6.07.2010, REFERENTE Á ACUMULACIÓN TEMPORAL DE FUNCIONS DE DOUS POSTOS DE TRABALLO NESTA SECRETARÍA XERAL. EXPTE. 1288/110.**

Dáse conta do informe proposta do Secretario do Goberno e da Secretaria Xeral do Pleno, de data 6.07.2010, e do decreto do concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

De conformidade coa RPT aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 21 de xaneiro de 2009 e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 53 do 18 de marzo de 2009, a estrutura administrativa da Secretaría Xeral está integrada, con independencia dos correspondentes á funcionarios con habilitación de carácter estatal, polos seguintes postos

- Xefe/a Negociado de Actas
- Xefe/a Negociado Xunta de Goberno Local
- Administrativo
- Auxiliar administrativo

A traballadora que ocupa o posto de xefa de negociado da Xunta de Goberno Local atópase ausente dende o día 6 de xullo, descoñecéndose a data da súa reincorporación ó seu posto de traballo.

Dada a periodicidade da Xunta de Goberno Local, así como as competencias que lle corresponden en aplicación da normativa reguladora do réxime local, non resulta posible a non cobertura da ausencia da titular do posto con efectos prolongados, polo que, dadas as circunstancias concorrentes, resulta necesario instrumentar unha solución a dita situación que posibilite o correcto funcionamento do negociado da XGL.

As instrucións sobre cadro de persoal e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e seus organismos autónomos para o exercicio 2009, sinalan no seu apartado terceiro que con cargo ó complemento de produtividade se retribuirá única e exclusivamente a aqueles funcionarios nos que concorran circunstancias excepcionais na prestación dos seus servizos, tales como o especial rendemento e a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que desempeña as súas funcións, establecendo que en todo caso, retribuirase

"A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado."

Vista a estrutura do Servizo, e dentro da posibilidade indicada de proceder á acumulación temporal de dous postos de traballo, e considerando acreditados os motivos de urxencia e necesidade, a solución máis idónea para dar resposta ó funcionamento da Xunta de Goberno Local, sería a acumulación ó posto de administrativo de Secretaría, do posto de xefe/a de Negociado da Xunta de Goberno Local, que se atopa provisto por persoal pertencente á mesma escala e subescala, xa que dese xeito se garantiría o correcto funcionamento do órgano colexiado.

Considerando as competencias atribuídas á Concellería de Xestión Municipal por Decreto de data 5 de xullo de 2007, dende a Secretaría Xeral solicítase da mesma que se proceda a autorizar o seguinte

Acumular ó posto de Administrativo de Secretaría Xeral, provisto pola funcionaria Alicia Meiriño Fernández, o posto de cefe de negociado de Xunta de Goberno Local, provisto pola funcionaria Mercedes Eiras Fernández, dende a data do 6 de xullo e ata a reincorporación da titular.

De conformidade co establecido nas instrución de cadro de persoal e relación de postos de traballo o desempeño de dito posto acumulado xerará o dereito á percepción dun complemento de produtividade por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado."

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**21(1.551).- AUTORIZACIÓN A EIRIÑA S.L. PARA ACOPIO DE MATERIAIS NA OBRA DE INSTALACIÓN DA RÚA PI Y MARGALL, ENTRE PASEO DE ALFONSO XII E RÚA CHILE. EXPTE. 478/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área dos Servizos Xerais, do 21.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á empresa Eiriña, S.L. a solicitude de acopio de materiais por importe de 286.420,50 Euros (IVE engadido) correspondente ao 75% do importe dos materiais necesarios para a “Instalación da rede de pluviais, renovación de redes de abastecemento, saneamento e mellora lumínica na Rúa Pí y Margall (Entre o Paseo de Alfonso XII e a Rúa Chile)”, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, o cal se xustifica mediante a documentación adxunta.

**22(1.552).- AUTORIZACIÓN A UTE EIRIÑA-IMES API, PARA ACOPIO DE MATERIAIS NA OBRA DE INSTALACIÓN DAS RÚAS DR. CADAVAL (ENTRE PORTA DO SOL E LOPEZ DE NEIRA) LUGO E PERU. EXPTE. 479/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área dos Servizos Xerais, do 21.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á empresa Eiriña, S.L. a solicitude de acopio de materiais por importe de 253.591,29 Euros (IVE engadido) correspondente ao 75% do importe dos materiais necesarios para a “Instalación da rede de pluviais, renovación de redes de abastecemento, saneamento e mellora lumínica nas Rúas Doutor Cadaval (entre Porta do Sol e López de Neira), Lugo e Perú”, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, o cal se xustifica mediante a documentación adxunta.

**23(1.553).- AUTORIZACIÓN A UTE EIRIÑA-IMES API PARA ACOPIO DE MATERIAIS NA OBRA DE INSTALACIÓN DA RÚA SANTO DOMINGO, CONDESA CASA BARCENA E SAN SALVADOR. EXPTE. 480/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área dos Servizos Xerais, do 21.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á UTE Eiriña-ImesApi, Condesa Casa Barcena a solicitude de acopio de materiais por importe de 310.499,85 Euros (IVE engadido) correspondente ao 75% do importe dos materiais necesarios para a “Instalación da rede de pluviais, renovación de redes de abastecemento, saneamento e mellora lumínica na Rúa Santo Domingo, Condesa Casa Bárcena e San Salvador”, de acordo co establecido na Lei de Contratos do Sector Público, o

cal se xustifica mediante a documentación adxunta.

**24(1.554).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A IMPERMEABILIZACIÓN DE TERRAZA EXTERIOR E REHABILITACIÓN DE ESTRUTURA DE ESCALEIRAS DE ACCESO NA AV. MARTÍNEZ GARRIDO, 61. EXPTE. 1657/443.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área dos Servizos Xerais, do 20.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra .

2º.- Nomear como dirección facultativa da obra aos Técnicos Municipais: D. ÁLVARO CRESPO CASAL e D. JORGE MUÑOZ RAMA

**25(1.555).- ADXUDICACIÓN DO ALUGUER DE MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 274/440.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 17.09.2010, co fiscalizado e conforme do Interventor Xeral do 22.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar á mercantil Sercoysa Proyectos y Obras ,S.A., o procedemento aberto para a contratación do aluguer de maquinaria para o servizo de Vías e Obras do concello de Vigo (expediente 274-440) por un prezo total de 849.600 euros (IVE incluído) e unha baixa única do 6,85% sobre tódolos prezos unitarios de maquinaria e man de obra indicados nos anexos I e II do prego de prescricións técnicas particulares e establecéndose como prazo de resposta e entrega das peticións o de 3 horas. E ofertando a seguinte relación de maquinaria a maiores:

DESCRIPCION	PREZO DIA
BOMBA NEUMATICA BN-30 - ALTURA DE BOMBEO (Mts.) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- 10m. / 15 Lts. - 20 / 9 lts.(Sin maquinista ni manguera).	21,00 €
BOMBA NEUMATICA BN-60 - ALTURA DE BOMBEO (Mts. ) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- 10m. / 7,5 Lts. - 30 / 5 lts.(Sin maquinista ni manguera).	22,40 €
BOMBA SUMERGIBLE DRENAJE SAND 100 II - ALTURA DE BOMBEO (Mts.) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- 4 / 3 Lts. - 12 / 2 lts.(Sin maquinista ni manguera).	16,80 €
BOMBA SUMERGIBLE DRENAJE SAND 200 II - ALTURA DE BOMBEO (Mts.) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- 4 / 8,5 Lts. - 12 / 3,5 lts.(Sin maquinista ni manguera).	21,00 €
BOMBA SUMERGIBLE DRENAJE KDFU-80 III - ALTURA DE BOMBEO (Mts.) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- 5 / 12,5 Lts. - 20 / 7 lts.(Sin maquinista ni manguera).	19,60 €
BOMBA SUMERGIBLE DRENAJE KDFU-100 III - ALTURA DE BOMBEO (Mts.) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- 5 / 21,5 Lts. - 20 / 11,5 lts.(Sin maquinista ni manguera).	19,60 €
BOMBA SUMERGIBLE DRENAJE KDFU-125 III - ALTURA DE BOMBEO (Mts.) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- 5 / 36 Lts. - 28 / 8 lts.(Sin maquinista ni manguera).	21,00 €
BOMBA SUMERGIBLE DRENAJE WACKER STP-400 II - ALTURA DE BOMBEO (Mts.) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- Max. 12 mts / 4 Lts. (Sin maquinista ni manguera).	21,00 €
BOMBA SUMERGIBLE DRENAJE WACKER STP-750 II - ALTURA DE BOMBEO (Mts.) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- Max. 16 mts / 6 Lts. (Sin maquinista ni manguera).	21,00 €
BOMBA SUMERGIBLE DYNAPAC III RL-4060 - ALTURA DE BOMBEO (Mts.) / CAUDAL (Lts./Sg.) -- 8 / 16 Lts. - 16 mts / 10 Lts. (Sin maquinista ni manguera).	21,00 €
METRO DE MANGUERA BOMBAS PLANAFLEX AZUL DIÁMETRO 40, 50 Ó 60 (Sin maquinista).	5,60 €
METRO DE MANGUERA BOMBAS PLANAFLEX AZUL DE DIÁMETRO 70 Ó 90 (Sin maquinista).	7,00 €
METRO DE MANGUERA BOMBAS PLANAFLEX AZUL DE DIÁMETRO 100 Ó 110 (Sin maquinista).	8,40 €
ROTOALISADORA PARA PULIDO DE HORMIGON DE GASOLINA MONOFASICA (Sin maquinista).	81,25 €
TORRE DE ILUMINACIÓN 6 FOCOA DE 1.500 W C/U CON GENERADOR DE 30 KV. (Sin maquinista).	81,25 €
CARRETILLA ELEVADORA DIESEL 2.500 Kgs.(Sin maquinista).	56,25 €
CARRETILLA ELEVADORA TODOTERRENO DIESEL 4X4 DTH2000 (Sin maquinista).	75,00 €
CARRETILLA ELEVADORA TODOTERRENO M-26 2500 Kgs. (Sin maquinista).	87,50 €
CARRETILLA ELEVADORA TELESCOPICA DIESEL DIECI-3.500 13,5 mts. (Sin maquinista).	159,50 €
HIDROLIMPIADORA GASOLINA 900 Lts./h 13 CV. ( Sin maquinista).	26,10 €
HIDROLIMPIADORA MONOFASICA 660 Lts./h 4 CV. (Sin maquinista).	14,50 €
DESBROZADORA ZENOAH (Sin maquinista).	21,75 €
PERFORADORA SACABOCADOS (Sin maquinista).	109,38 €
CORONA PARA PERFORADORA ( PRECIO POR CADA MM. CONSUMIDO ) ( Sin maquinista).	87,50 €
MESA TRONZADORA DE MADERA MONOFASICA DE 3 CV Ó TRIFASICA DE 4 CV. (Sin maquinista y sin disco).	12,60 €
MESA CORTADORA DISCO DIAMANTE MONÓFASICA 3 CV. DIAMETRO 300 MM. (Sin maquinista y sin disco).	27,00 €
MESA CORTADORA DISCO DIAMANTE TRIFASICA 4 CV. DIAMETRO 300 MM. (Sin maquinista y sin disco).	29,00 €
DESHUMIFICADOR EBAC BD-12 - Extrac. Max. 50 lts./dia. (Sin maquinista)	27,00 €
PAREJA DE SEMAFOROS DE OBRA (Sin maquinista)	16,80 €
CINTA TRANSPORTADORA DE 4 Ó 6 M. (Sin maquinista)	41,70 €

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 24 de maio de 2010 e a oferta presentada.”

**26(1.556).- INICIO DA VÍA DE CONSTRINXIMENTO PARA O COBRO DE COTAS DE URBANIZACIÓN. EXPTE. 4833/401.**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do informe xurídico do técnico de Admón. Xeral e do xefe dos servizos Centrais, do 27.08.2010, co conforme da xerente de Urbanismo, que se transcribe a continuación.

“Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 22.09.1995 constituíuse a Xunta de Compensación da U.A. FRAGA (expte. 3936/401).

O día 21.02.2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobou definitivamente o proxecto de compensación reformando da citada unidade de actuación (expte. 4259/401) e por acordo de data 16.01.2003 o Consello da XMU aprobou o proxecto reformado do proxecto de urbanización, presentado por Don Arturo Fraga Fernández en representación da Xunta de Compensación da mesma urbanización do ámbito, redactado polos arquitectos Don Eduardo e Don Arturo Fraga Fernández, visado polo colexio profesional o 30.09.e 21.10.2002.

Con data 10.04.2003 o Consello da XMU aprobou a recepción parcial da 1ª fase das obras de urbanización, segundo o ámbito delimitado no plano denominado nº 2 que se inclúe no certificado final de obra parcial asinado polos arquitectos Don Eduardo e Don Arturo Fraga Fernández, visado polo colexio profesional o 17.03.2003, suxeita ás condicións de que neste se sinalan.

O 01.09.2008 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emite informe sobre o estado das obras de urbanización.

Comprobada a inexistencia de rexistro contable na Oficina de Intervención que acredítase a prestación da garantía esixida para responder das obras de urbanización, mediante resolución do delegado da área de urbanismo e vivenda de día 15.06.2009 requiriuse da Xunta de Compensación a presentación de aval por importe de 390.247 euros de acordo co esixido no acordo do Consello da XMU de día 16.01.2003.

Contra a referida resolución de día 15.06.2009 presentouse recurso de reposición e o día 24.11.2009 o delegado da área de urbanismo e vivenda resolve requirir á Xunta de Compensación para que preste inmediatamente a garantía das obras non recibidas, mediante aval bancario ou fianza en metálico pola cantidade de 95.862,97 euros.

O delegado da área de urbanismo e vivenda, por resolución do 24.11.2009, resolveu requirir á Xunta de Compensación a presentación inmediata de garantía para responder das obras de urbanización do ámbito, mediante aval bancario ou fianza por importe de 95.862,97 €.

Con data 11.09.2009 tiveron entrada no Rexistro xeral do Concello diferentes escritos de propietarios de edificacións sitas no ámbito solicitado, entre outras cousas, o remate das obras de acondicionamento da praza, dos que se deu traslado á Xunta de Compensación.

Mediante resolución de 24.09.2009 o delegado da área de urbanismo e vivenda declarou a caducidade do procedemento incoado por resolución de 10.11.2008 e incoar novo procedemento para determinar o posible incumprimento pola Xunta de Compensación da obriga de urbanizar.

O día 30.04.2010 D. Arturo Fraga Fernández, actuando como Presidente da Xunta de Compensación da U.A. FRAGA, achega certificado dos acordos adoptados en Asemblea Xeral Extraordinaria

celebrada o día 10.03.2010, reflectíndose no punto “3º.- *Estado de cuentas, liquidación de deuda de moroso y medidas a adoptar para su reclamación*”, a proposta aprobada de reclamar aos morosos conforme ao procedemento previsto nos Estatutos da Xunta de Compensación.

O día 05.05.2010 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 100061996) escrito de D. Arturo Fraga Fernández, actuando na condición de Presidente da Xunta de Compensación da U.A. FRAGA, solicitando o inicio da vía administrativa de constrinximento fronte aos xunteiros morosos relacionados na folla anexa, sinalando os seus domicilios, importes adebedados e interesando a aplicación do recargo do interese básico do Banco de España incrementado en dous puntos.

Examinada a citada solicitude, o delegado da área de urbanismo e vivenda requiriu a achega da documentación acreditativa da notificación dos requirimentos de pago aos membros morosos con expresión da orixe e cuantía das débedas, período voluntario de pago e apercibimento da vía de constrinximento; certificacións de impago das cantidades liquidadas e aprobadas e certificación do acordo do Consello Reitor de instar da Administración actuante o inicio da vía de constrinximento. Así mesmo, requíreselle para a presentación da garantía correspondente ás obras de urbanización non recibidas pola Administración actuante.

Consta así mesmo, certificación da Secretaria da Xunta de Compensación co VºBº do Presidente de día 28.04.2010 que di: “Que, en Asemblea Xeneral Extraordinaria celebrada el día 2 de xullo de 2.009, entre outros asuntos, se acordo reclamar el pago de las cotas de urbanización pendentes de pago a los morosos conforme ao procedemento previsto en los Estatutos de la Junta de Compensación, de acordo con la relación de importes pendentes ao 31/12/08 que se acompaña” e adxunta a seguinte relación:

- Guneypro, S.L.: 62.145,52 euros
- Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo: 38.578,85 euros
- Hoteles Carballino, S.L.: 11.778,41 euros

O día 22.06.2010 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 100086577) escrito de D. Arturo Fraga Fernández, actuando na súa calidade de Presidente da Xunta de Compensación U.A. FRAGA, achegando:

- Certificación da Secretaria da Xunta de Compensación co VºBº do Presidente de día 16.06.2010 de que en reunión do Consello Reitor celebrada o día 08.06.2008 acordouse reclamar o pago das cotas de urbanización pendentes de pago aos morosos conforme ao procedemento previsto nos Estatutos da Xunta de Compensación, de acordo coa relación de importes pendentes a 31.12.2008 que a acompaña.
- Requirimento de pago do día 30.07.2009 dirixido a “Guneypro, S.L.” (sen que se acredite a súa notificación) por importe de 62.145,52 euros; a “Rogina Instalaciones, S.L.” por importe de 630,50 euros (notificado o día 03.09.2009); a “Hoteles Carballino, S.L.” por importe de 11.778,41 euros (notificado o día 04.09.2009) e a “Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo” por importe de 38.578,85 euros (notificado o día 03.09.2009, outorgándolles o prazo máximo dun mes dende a data da notificación para efectuar o pagamento, baixo advertencia da imposición do recargo do interese básico do Banco de España incrementado en dous puntos, se se pagara dentro dos quince días seguintes ao vencemento do prazo sinalado e que deixado transcorrer este segundo prazo, se instará ao Concello para que utilice a vía de constrinximento ou a utilización da vía xudicial ordinaria.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### *I.- Obriga dos membros da Xunta de Compensación de aboar as cotas de urbanización:*

No sistema de compensación, os propietarios constituídos en Xunta de Compensación, realizan a súa costa as obras de urbanización nos termos e condicións que se determinen no planeamento urbanístico (artigo 154 da LOUGA en relación co artigo 176.1 do RXU); sendo así que, de conformidade co disposto no artigo 132.1 da LOUGA a totalidade dos gastos de urbanización e os xerais da xestión serán sufragados polos afectados en proporción aos aproveitamentos que respectivamente lles correspondan.

Así mesmo, o artigo 15, letra d) dos Estatutos da Xunta de Compensación aprobados definitivamente por acordo do Pleno corporativo do 28.11.1991 recolle expresamente como obriga dos seus membros a de: *“Pagar los gastos de urbanización y las cuotas ordinarias y extraordinarias en la cuantía que a cada miembro corresponda y en los plazos que al efecto se señalen”*.

### *II.- Recadación das coutas de urbanización pola vía administrativa de constrinximento:*

O artigo 159.3 da LOUGA faculta á Xunta de Compensación a instar da Administración municipal o cobro pola vía de constrinximento das cantidades adebedadas polos seus membros, dispoñendo no mesmo senso o artigo 181.2 do RXU que cando o incumprimento consista na negativa ou retraso no pago das cantidades adebedadas á Xunta, esta poderá optar entre solicitar da Administración actuante a aplicación da expropiación ao membro moroso ou interesarse da mesma o cobro da débeda pola vía de constrinximento.

O artigo 26, letra l) dos Estatutos da Xunta de Compensación faculta ao Consello Reitor para requirir do Concello o inicio da vía de constrinximento contra os membros morosos, sinalando o seu artigo 40.3 que: *“El pago se realizará en el plazo máximo de un mes desde la fecha de notificación del requerimiento que efectuará el Consejo Rector.*

*La falta de pago en plazo señalado, dará lugar a la imposición de un recargo del interés básico del Banco de España, incrementado en dos puntos, si se pagara una vez transcurrido el plazo señalado en el párrafo anterior.*

*Transcurrido este segundo plazo, se podrá instar del Ayuntamiento la utilización de la vía de apremio o se utilizará la vía judicial ordinaria para reclamar el pago como deuda contraída con la Entidad”*.

Consta no expediente administrativo a documentación que seguidamente se detalla:

- Certificado expedido o día 29.07.2010 pola Secretaria da Xunta de Compensación da U.A. FRAGA co VºBº do Presidente, acreditativo de que en reunión do Consello Reitor do día 08.06.2009, acordouse reclamar o pago das cotas de urbanización pendentes de pago aos morosos de acordo co procedemento previsto nos estatutos, de acordo coa seguinte relación de importes pendentes a 30.06.2009:

<b>PROPIETARIO</b>	<b>TOTAL ADEUDADO A 30.06.2009</b>
HOTELES CARBALLINO, S.L.	11.778,41 €



MUTUA GALLEGA	36.578,85 €
---------------	-------------

- Requirimento dirixido pola Xunta de Compensación da U.A. FRAGA á entidade mercantil “Hoteles Carballino, S.L.” (notificado o día 04.09.2009) para que proceda ao pagamento da cantidade de 11.778,41 euros, correspondente a coutas de urbanización.
- Requirimento dirixido pola Xunta de Compensación da U.A. FRAGA á “Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo” (notificado o día 03.09.2009) para que proceda ao pagamento da cantidade de 38.578,85 euros, correspondente a coutas de urbanización.

*III.- Natureza do procedemento administrativo de constrinximento:*

Segundo o artigo 163.1 da Lei Xeral Tributaria, o procedemento de apremio é exclusivamente administrativo e a competencia para entender do mesmo e resolver todas as súas incidencias corresponde unicamente á Administración tributaria.

A providencia de apremo será título suficiente para iniciar o procedemento de constrinximento e terá a mesma forza executiva que a sentenza xudicial para proceder contra os bens e dereitos dos obrigados.

Dito procedemento non será acumulable aos xudiciais nin a outros procedementos de execución. A súa iniciación ou tramitación non suspenderá a iniciación daqueles, salvo cando proceda de acordo co establecido na Lei Orgánica 1/1987, de 18 de maio, de Conflitos Xurisdicionais, ou coas normas do artigo 164 da Lei Xeral Tributaria.

O procedemento de apremo se iniciará e impulsará de oficio en todos os seus trámites e, unha vez iniciado, só se suspenderá nos casos e na forma prevista na normativa tributaria. Se iniciará mediante providencia notificada ao obrigado na que se identificará a débeda pendente, se liquidarán os recargos que procedan e se lle requirirá para que efectúe o pago.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes cotas de urbanización que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremo:

<b>Socio da Xunta de Compensación U.A. FRAGA</b>	<b>Importe adebedado</b>
Mutua Gallega de Accidentes de Trabajo (CIF: B-36.703.924)	38.578,85 euros
Hoteles Carballino, S.L. (CIF: B-36.703.924)	11.778,41 euros

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**27(1.557).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A INVERSIONES PARALÓN S.A. EXPTE. 57404/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Vías e Obras, do 15.09.2010, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder a devolución do aval a INVERSIONES PARALÓN S.A., constituída na data reseñada, polo importe de 30.000 euros.

**ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.

**28(1.558).- MEMORIA VALORADA DA “FONTE ORNAMENTAL NA ROTONDA DAS RUAS CAMELIAS-VENEZUELA-MARQUES DE ALCEDO”.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área dos Servizos Xerais, do 23.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a Memoria calorada redactado pola empresa PETTRA para a “Fonte Ornamental na rotonda das Rúas Camelias, Venezuela e Marqués de Alcedo”, cun orzamento base de licitación de 58.010,22 Euros.

**29(1.559).- ACONDICIONAMENTO E MELLORA NA ROTONDA DAS RUAS CAMELIAS-VENEZUELA-MARQUES DE ALCEDO. EXPTE. 1660/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área dos Servizos Xerais, do 23.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a Memoria valorada redactado pola empresa PETTRA para o “Acondicionamento e Mellora na Rotonda das Rúas Camelias, Venezuela e Marqués de Alcedo”, cun orzamento base de licitación de 41.882,90 Euros.

**30(1.560).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS ADMITIDAS NO PROCEDIMIENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DOCENTES E COMPLEMENTARIOS DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 11739/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 23.09.2010, co fiscalizado e conforme do interventor xeral, do 23.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

1º.- DOBRE O, S.L.

2º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, DOBRE O, S.L., para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.
- Documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a adicar ou adscribir á execución do contrato (artigo 53.2 LCSP): declaración xurada do persoal docente e do director propostos do seu compromiso de prestar os seus servizos profesionais ó licitador para a execución do contrato.

3º.- Requerir a empresa clasificada en primeiro lugar, DOBRE O, S.L., o aboamento do custe dos anuncios de licitación: 664,94 €.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 08-09-2010 (da que se deu conta á Xunta de Goberno Local o día 20-09-2010), o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

**31(1.561).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DAS OBRAS DE “ACTUACIÓN NA RÚA CESAREO BÁZQUEZ-OIA”. EXPTE. 483/440.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área dos Servizos Xerais, do 13.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Ampliar o prazo de execución das obras de "Actuación na Rúa Cesareo Vázquez - Oia", pasando a ser o novo prazo de finalización das mesmas o vindeiro 31 de outubro do 2010, non significando incremento no importe de adxudicación da obra.

**32(1.562).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REPOSICIÓN DE BEIRARRÚA ENTRE A AVDA. DE FRAGOSO E RÚA EUGENIO KRAFF”. EXPTE. 1663/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área dos Servizos Xerais, do 23.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto redactado pola empresa TICCO INGENIERÍA, S.L, para a “Reposición de Beirarrúa entre a Avda. Fragoso e Eugenio Kraff”, cun orzamento base de licitación de 150.000 Euros.

**33(1.563).- APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACION SAN ROQUE”. EXPTE. 1662/443.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de área dos Servizos Xerais, do 23.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto redactado pola empresa TICCO INGENIERÍA, S.L, para a “Humanización Rúa San Roque”, cun orzamento base de licitación de 249.042 Euros.

**34(1.564).- CREACIÓN DUNHA AULA UNIVERSITARIA DA UNED EN VIGO, EN RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DA XUNTA REITORA DO PATRONATO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA DE 15.09.2010. EXPTE. 11959/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Educación, do 22.09.2010, conformado pola concelleira delegada de Educación, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o seguinte texto:

Antecedentes

- A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 13/09/2010, acordou o seguinte:

1. Dar a conformidade ás Bases do Convenio entre a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a creación dunha Aula de Ensino Superior a Distancia da UNED en Vigo, conforme ao texto do proxecto de Convenio que se inclúe no expediente;
2. Solicitar á Xunta Reitora do Centro Asociado de Pontevedra á UNED a creación en Vigo dunha Aula de Ensino Superior a Distancia da UNED.

- En resposta a esta solicitude, a Xunta Reitora do Patronato do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, na súa sesión de 15/09/2010, resolveu:

“Aprobar el inicio del proceso de creación de una aula universitaria en Vigo adscrita al Centro Asociado de la UNED de Pontevedra. La función de las Aulas Universitarias de la UNED es acercar a los ayuntamientos en los que se ubiquen únicamente las actividades de formación relacionadas con el Curso de Acceso a la Universidad para mayores de 25 y 45 años, así como aquellas enseñanzas no regladas de carácter cultural que por iniciativa propia deseen impartir.

Se encomienda a la Dirección del Centro Asociado de Pontevedra el seguimiento y comprobación de las condiciones esixidas para su buen funcionamiento, específicamente la adecuación de los locales y la aprobación del Pleno del Ayuntamiento de Vigo del Convenio y compromiso presupuestario. Tan pronto se cumplan las condiciones anteriores, el Presidente convocará una nueva reunión del Patronato para su aprobación definitiva.”

Visto o informe do xefe do Servizo de Educación do Concello de Vigo de data 22/09/2010, acórdase:

1. Dar por validamente presentada a solicitude de creación da Aula Universitaria recollida no acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/09/2010 que foi remitida ao órgano competente da UNED en Pontevedra, habida conta que, de conformidade

co réxime competencial establecido para os municipios de gran poboación polo Título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada ao mesmo pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, o órgano competente para a adopción do acordo de solicitude é a Xunta de Goberno Local;

2. Aclarar que a solicitude de Aula incluirá, no momento procedimental oportuno, e ao abeiro do acordo do Consello de Goberno da UNED de outubro de 2008 “Organización funcional en red del Vicerreitorado de Centros Asociados” que na Aula Universitaria de Vigo se desenvolvan as actividades de formación presencial tanto do Curso de Acceso á Universidade como as docentes presenciais dos graos de Psicoloxía, Dereito e Educación Social; asemade as telemáticas, se é o caso, de calquera outro tipo de estudo que se decida polos órganos que teñan atribuída esta competencia;
3. Establecer o compromiso de consignar nos orzamentos xerais do Concello de Vigo para o ano 2011, a cantidade de 230.000 euros, destinados ao financiamento dos gastos de persoal, funcionamento e equipamento derivados da creación en Vigo desta Aula Universitaria, nos termos recollidos na estipulación 7ª do texto do proxecto de Convenio marco xa remitido á Xunta Reitora do CA en Pontevedra da UNED;
4. Os compromisos a asumir polo Concello de Vigo de carácter económico e patrimonial -vinculados estes últimos ás características concretas da cesión dos locais municipais nos que se situará a nova Aula-, só serán efectivos -trala aprobación inicial da creación da Aula polo órgano competente da UNED-, coa aprobación do Convenio que finalmente se redacte tomando como referencia o proxecto-marco aprobado no citado acordo da Xunta de Goberno Local de 13/09/2010. A adopción de acordo expreso de aprobación do Convenio final polo órgano competente do Concello de Vigo, requirirá o previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención xeral do Concello de Vigo.
5. Dar conta do presente acordo ao Sr. Presidente da Xunta Reitora do Padroado do centro Asociado da UNED en Pontevedra, para a que, tendo en conta as precisións contidas na presente resolución, dea continuidade ao procedemento de concesión, e que -tralos trámites previos que consideren pertinentes- eleve ao Consello de Goberno da Universidade o expediente de solicitude da Aula Universitaria da UNED en Vigo.

**35(1.565).- BASES PARA A UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL E DO VESTÍBULO ANEXO DA CASA DO CONCELLO DE VIGO EXPTE. 3759/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Animación Sociocultural, do 26.07.2010, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural, e co informe do letrado asesor do 20.09.2010, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases para utilización do Auditorio Municipal e do vestíbulo anexo da Casa do Concello de Vigo.

**BASES PARA A UTILIZACIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL E DO VESTÍBULO ANEXO DA CASA DO CONCELLO DE VIGO.**

**PRIMEIRA.- FINALIDADE.**

O auditorio municipal e o vestíbulo anexo son dependencias municipais adscritas ao servizo de Animación Sociocultural da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural que teñen como finalidade o desenvolvemento de actividades culturais, sociais e institucionais promovidas polo Concello de Vigo. Nas datas que as instalacións estean dispoñibles tamén poderán ser utilizadas por outras entidades públicas ou persoas, xurídicas ou físicas.

**SEGUNDA.- DATAS E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO.**

As dependencias funcionarán de luns a venres, de 8,00 a 22,00 h. Os sábados, domingos, festivos en horarios superiores ás 22,00 poderán funcionar só en función da dispoñibilidade do persoal asignado polo Concello para a súa atención.

**TERCEIRA.- SOLICITUDES DE CESIÓN DE USO DAS DEPENDENCIAS.**

Realizaranse a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou fax, en impreso normalizado, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto do inicio da actividade que se pretende desenvolver. As solicitudes recibidas no servizo de Animación Sociocultural con menos de 15 días naturais, respecto da data de utilización solicitada, serán automaticamente desestimadas e arquivadas.

**CUARTA.- DATOS DA SOLICITUDE.**

Na solicitude incluíranse os seguintes datos:

- a) Nome da persoa solicitante; no caso das entidades, nome do seu representante legal, ademais dos da propia entidade (nome, apelidos, cargo, enderezo completo, localidade, NIF, teléfono, correo electrónico). Sinatura do responsable da organización e da promoción da actividade.
- b) Datos da actividade (título ou denominación, autores, actores, conferenciantes, relatores, dirección técnica ou artística...).
- c) Entidades ou empresas que participan ou colaboran na actividade.
- d) Modalidade de acceso do público (entrada libre, invitación, pagamento de entrada...).
- e) Datas e horarios solicitados (inicio de montaxe, horario/-s de apertura de portas, de despacho de billetes, de comezo, de fin do desmonte...)
- f) Datos do persoal responsable durante o desenvolvemento, montaxe e desmonte do acto e número de teléfono móbil localizable en todo momento.
- g) Datos de contacto para información do público (teléfonos, páxina web, correo electrónico...).

O servizo de Animación Sociocultural, para resolver solicitudes, poderá solicitar datos complementarios sobre a actividade ou as persoas responsables (solvenza técnica); establecendo, en cada caso, os prazos de resposta.

**QUINTA.- CRITERIOS PARA A CESIÓN DE USO.**

- 1) A Concellería de Cultura e Animación sociocultural dispón de prioridade na programación do auditorio.
- 2) O resto dos servizos, organismos autónomos ou dependencias municipais poderán solicitar a utilización do Auditorio para calquera actividade tendo prioridade as solicitudes relativas a actividades culturais.
- 3) Aquelas solicitudes de actividades culturais que complementen a programación sociocultural do Concello de Vigo organizadas por entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas.
- 4) Para as solicitudes que non sexan de carácter sociocultural, terase en conta a orde de entrada no Rexistro Xeral.
- 5) Quedan excluídas as actividades que teñan como finalidade as de venda directa, indirecta ou de promoción de artigos de consumo; as de carácter político ou doutrinal de signo partidario ou confesional; as que atenten contra os principios constitucionais, os dereitos humanos ou a lexislación vixente, e as que fosen denegadas polos órganos de goberno do Concello de Vigo.

Só se autorizarán os ensaios ou preparativos dunha actividade cando a súa finalidade sexa a realización pública nestas dependencias.

As reunións de colectivos (profesionais, sociais...), resólveas a/o concelleira/o delegada/o do área de Cultura e serán secundarias respecto á programación de actividades públicas, polo que as autorizacións que procedan non se confirmarán con máis de 20 días naturais de antelación.

#### **SEXTA.- DURACIÓN DA CESIÓN.**

O Concello de Vigo definirá o tempo de cesión, dende o momento da dispoñibilidade do local para comezar os preparativos ou montaxe das actividades ata a fin do desmonte.

Non se resolverán solicitudes de actividades que supoñan compromisos de cesión de uso regular superior a dúas semanas; excepto nos casos en que a actividade programada se derive dun convenio dos organizadores co Concello de Vigo.

#### **SÉTIMA.- ACCESO DO PÚBLICO ÁS ACTIVIDADES.**

As actividades que se realicen terán que ser públicas, en calquera das súas modalidades: a) entrada libre ata completar a capacidade, b) entrada con invitación ou inscrición gratuíta previa, c) con pagamento de entrada ou matrícula (con/sen inscrición previa).

Na modalidade de invitación o organizador informará á Concellería de Cultura e Animación sociocultural sobre os detalles da distribución ou de acceso do público; na modalidade de inscrición previa informarse sobre o lugar e os horarios de realización.

#### **OITAVA.- ACCESO CON PAGAMENTO.**

Os organizadores das actividades están autorizados ao cobro de entrada, matrículas ou outros dereitos, as persoas asistentes, de acordo coas seguintes condicións: a) detallar na solicitude do local os prezos das entradas ou matrículas, b) detallar á Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, coa antelación necesaria, o lugar, horario e/ou sistema, para a adquisición das entradas ou formalización da matrícula, c) informar da difusión dos anteriores detalles e incluílos no material que se edite.

Nos actos programados polo Concello de Vigo con pagamento de entrada ou de matrícula os prezos regularanse polo establecido nas correspondentes ordenanzas fiscais vixentes.



Os organizadores dos actos expoñerán os prezos das entradas no lugar establecido a tal fin, dende as 9,00 horas do día de funcionamento do despacho de billetes; ademais facilitarán as persoas usuarias un billete ou recibo do pagamento, de acordo coa normativa legal que lle resulte de aplicación.

#### **NOVENA.- PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DAS ACTIVIDADES.**

- 1) Os organizadores asumirán integramente a produción de material gráfico para a difusión do evento a realizar.
- 2) O material de difusión que editen os organizadores das actividades indicarán no lugar e tamaño adecuado a participación da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, incluíndo o logotipo do Auditorio Municipal e as lendas que se acorden. O material editado terá que contar coa conformidade previa da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.
- 3) Se no financiamento ou organización da actividade interveñen outras entidades a prelación e tamaños serán proporcionais á implicación de cada unha.
- 4) A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividades será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia; a Concellería de Cultura e Animación Sociocultural acordará cal será a lingua empregada para a difusión noutros ámbitos. En todo caso, actuarase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo(BOE 17 de maio de 1989).
- 5) Os organizadores da actividade comprométese á utilización dunha linguaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.
- 6) Os organizadores da actividade comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que sensibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade, e non só no eido privado ou familiar.
- 7) A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolda de prensa, difusión de noticias, informacións...) deberá estar previamente acordada coa Concellería de Cultura e Animación Sociocultural.
- 8) Os organizadores das actividades entregarán na Concellería de Cultura e Animación Sociocultural o número de exemplares acordado de cada elemento que se edite; establécese un mínimo de 10 unidades para os folletos e carteis.
- 9) Os organizadores da actividade facilitarán á Concellería de Cultura e Animación Sociocultural toda a información da actividade a desenvolver nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, vigocultura...)

#### **DÉCIMA.- PERSOAL TÉCNICO.**

O Concello de Vigo, aportará o persoal mínimo necesario para a posta en funcionamento das dependencias e a apertura de portas. Os organizadores das actividades comunicaranlle á Concellería de Cultura e Animación Sociocultural os datos do persoal técnico que dependa deles para a produción das actividades, que seguirá as instrucións do persoal designado pola Concellería sobre a utilización das dependencias.

A contratación de persoal e o aluguer dos equipamentos técnicos ou escénicos que non formen parte do inventario do Auditorio correrán por conta do organizador.

#### **DÉCIMA PRIMEIRA.- OBRIGAS DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES.**

Os organizadores e as persoas das actividades autorizadas quedan obrigados a:

1. Devolver as dependencias e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións (incluída a limpeza) nas que lle foran entregados polo que velarán polo seu coidado e uso adecuado. A tal fin asinarán unha folla de compromiso de uso adecuado das instalacións. Calquera deterioro nas instalacións ou equipamentos cedidos deberá ser repostado ou reparado de inmediato tras a celebración do evento por conta da entidade.
2. Prestar a necesaria información e atención ao público.
3. Iniciar as actividades, puntualmente, á hora anunciada ao público.
4. Asumir todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, gastos derivados do incorrecto uso das dependencias...).
5. Comprobar con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, realizando as correccións necesarias.
6. Adoptar as medidas necesarias para que se respecten a capacidade das dependencias.
7. Obter todos os permisos necesarios para o desenvolvemento das actividades e efectuar os pagamentos derivados da realización das actividades.
8. Facilitar os datos á Concellería de Cultura e Animación Sociocultural sobre a difusión realizada polo organizador, cunha antelación mínima de 10 días naturais .
9. Expoñer os prezos ao público, cando haxa pagamento de entradas ou de matrícula.
10. Facilitar á Concellería de Cultura e Animación Sociocultural os datos do desenvolvemento da actividade.
11. O cumprimento das ordenanzas municipais.
12. Comunicará Concellería de Cultura e Animación Sociocultural os cambios na programación prevista ou as incidencias que se produzan no desenvolvemento das actividades, no momento no que se produzan ou no primeiro día hábil. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión do espazo poderá dar lugar á modificación ou cancelación da resolución da concesión.
13. Asumir toda a responsabilidade da actividade organizada (contratos laborais ou de outra índole, calidade artística e técnica, obrigas tributarias e de seguridade social, responsabilidade civil, dereitos sobre propiedade intelectual, solicitar os permisos correspondentes, cargas e descargas, instalación de elementos de publicidade e sinalización...)
14. Cumprimento do plan de autoprotección do Concello. Previo ao inicio da función está obrigado á reprodución de forma íntegra da mensaxe de seguridade gravada a tal fin. Esta prohibida a colocación de elementos que poidan obstaculizar as saídas de emerxencia.
15. Dar cumprimento a Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais e ao Plan de autoprotección da Casa do Concello para o uso do auditorio municipal.
16. No caso de que accedan ao centro grupos de menores de idade ou grupos de persoas con minusvalía psíquica que impida o entendemento das ordes de evacuación, deberán ser acompañados por unha persoa no ratio establecido na normativa vixente.
17. No caso de que accedan ao centro grupos de persoas que teñan comprometida de forma provisional ou definitiva a súa mobilidade, deberán estar acompañados dunha persoa que colabore na súa evacuación, no caso de ser necesario.
18. Entregar na Concellería de Cultura e Animación Sociocultural a autorización da SGAE a para a venda de entradas. Non se permitirá a utilización do despacho de billetes do Auditorio sen a antedita autorización.
19. Os organizadores ou responsables da actividade comprométese ao abono dos dereitos de autor que correspondan.
20. Os organizadores das actividades entregarán na Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, no caso de que a entrada se estableza mediante venda ou invitación, un mínimo de 10 entradas.
21. Os organizadores velarán para que as persoas que accedan ao auditorio o fagan cunha indumentaria adecuada. Non está permitido o acceso ao recinto en bañador, sen camisa...

## **DÉCIMO SEGUNDA.- NORMAS PARA O PÚBLICO.**

Os organizadores das actividades velarán para que o público respecte as seguintes normas básicas:

1. Está prohibido fumar en todas as instalacións do Auditorio Municipal incluído o vestíbulo.
2. Está prohibido realizar rexistros audiovisuais (fotografías, vídeo...), sen o permiso dos organizadores da actividade.
3. Non se permite comer ou beber nas dependencias.
4. Non está permitido o acceso de animais, a excepción de cans guía.
5. Non está permitido facer ruído ou desenvolver condutas que impidan o goce das actividades polo resto das persoas usuarias, que alteren o desenvolvemento da actividade ou que poñan en perigo a seguridade ou integridade das instalacións, mobiliario, obras ou persoas.
6. Non está permitido o acceso do público unha vez que teña comezado a función ou concerto, salvo que se produzan pausas ou intermedios que o permitan.
7. Non está permitido a utilización de teléfonos móbiles ou calquera outro aparello electrónico durante a celebración do espectáculo ou actividade.
8. No caso de evacuación non está permitido retornar para recoller obxectos persoais.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DOS ORGANIZADORES DAS ACTIVIDADES.**

Os organizadores das actividades asumirán toda a responsabilidade do seu desenvolvemento, montaxe e desmonte, diante do Concello de Vigo e de terceiros. Tamén asumirán a custodia e vixilancia do seu material e equipamento depositado nas instalacións.

As perdas, deterioro ou mal uso dos materiais ou instalacións cedidos serán restituídos polos organizadores no prazo determinado polo Concello. Se o Concello de Vigo acordase asumir directamente as reposicións ou reparacións reclamará aos organizadores o pagamento dos gastos xerados.

Mentres os organizadores non realicen as reposicións, reparacións ou pagamentos que procedan, o Concello de Vigo denegará futuras solicitudes de utilización das instalacións.

## **DÉCIMO CUARTA.- CANCELACIÓN DAS ACTIVIDADES.**

Cando o Concello de Vigo precise desenvolver actividades, nas dependencias citadas, en datas que estean cedidas e comunicadas a outro organizador podería revogar a autorización da cesión, procurando, de ser posible, facilitar outra data ou lugar alternativo.

Cando se produza unha cancelación dunha actividade O Concello de Vigo colaborará cos organizadores na difusión da información e, se fose o caso, aboará os gastos realizados polo organizador da actividade cancelada, quen os xustificará documentalmente no prazo que se determine para cada caso, dende a notificación da cancelación.

## **DÉCIMO QUINTA.- COÑECEMENTO DAS BASES.**

A solicitude de utilización das dependencias para unha actividade presupón que as persoas solicitantes e organizadores coñecen e aceptan as bases de utilización do auditorio.

## **DÉCIMO SEXTA.- XESTIÓN.**

A xestión das autorizacións do auditorio municipal realizaraa o servizo de Animación Sociocultural, de acordo coas presenten bases, sen prexuízo das funcións ou competencias que lles correspondan a outras unidades do Concello (Conserxería, Policía Local...).

As unidades e servizos municipais, para o desenvolvemento da súa actividade, axustaranse a estas bases e remitirán ao servizo de Animación Sociocultural a información recollida na base cuarta, adaptada a cada caso.

As convocatorias de actos dos órganos de goberno do Concello de Vigo comunicaranse á Concellería de Cultura e Animación Sociocultural para os efectos de que se coñeza a incidencia nas actividades programadas.

O uso doutras dependencias municipais ou espazos próximos (interiores ou exteriores), que precisen os organizadores das actividades para complementalas, non está axustado a estas bases, polo que serán solicitadas independentemente polas persoas interesadas e requirirán unha resolución de autorización da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, tralos informes necesarios.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- INTERPRETACIÓN E INCIDENCIAS DAS BASES.**

A concelleira/o delegada/o da área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultada/o para interpretar e desenvolver as presentes bases, así como para resolver as incidencias que se poidan presentar; sen prexuízo das competencias dos restantes órganos de goberno do Concello.

#### **36(1.566).- NOMEAMENTO INTERINO DUNHA AUXILIAR DE ADMON. XERAL. EXPTE. 20103/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declarar a urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de RR.HH., do 17.09.2010, co conforme da xefa do servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Declarar a urxencia para proceder á cobertura interina dunha praza vacante de auxiliar de Administración Xeral, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, de acordo co artigo 10.1.a), da Lei 7/2007, do 12 de abril (EBEP), xustificada nas necesidades de efectivos do Servizos de Igualdade, contida no escrito de data 10 de setembro de 2010.

2º.- Nomear funcionaria interina con cargo á referida praza vacante de Auxiliar de Administración Xeral a D<sup>a</sup>. R. VALLADARES VARELA, DNI \*\*\*\*4379\*, aspirante que superou tódolos exercicios do proceso de selección de persoal para funcionarios interinos celebrado no Concello, vista a inexistencia de aspirantes dispoñibles nas listas de reserva derivadas da execución da última Oferta de Emprego Público do Concello. O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente dita condición no momento en que se cubra definitivamente a praza á que se adscriba a interesada, previa resolución do procedemento selectivo competitivo e público incluído na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, aprobada pola Xunta de Goberno

